

Edificio Xerencia
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 570
Fax 986 813 633

www.uvigo.es

uvigo.es/servicios/alumnado | servizodealumnado@uvigo.es

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201500010975
18/06/2015 12:58:40

INSTRUCCIÓN PARA ADMISIÓN E MATRÍCULA DO ALUMNADO PROCEDENTE DE UNIVERSIDADES ESTRANXEIRAS QUE CURSAN ESTUDOS NA UNIVERSIDADE DE VIGO CONFORME A *NORMATIVA DE RECOÑECEMENTO MUTUO DE ESTUDOS AO ABEIRO DE PROGRAMAS DE INTERCAMBIO*

(Dobles graos e/ou dobles másteres con universidades estranxeiras)

Esta instrución ten como obxecto establecer as condicións de matrícula para estudantes alleos que participan en programas de intercambio nos que, mediante convenio, poidan obter unha titulación da Universidade de Vigo tras superar un número axeitado de créditos na nosa universidade e completar os seus estudos na súa universidade de orixe.

A existencia dun programa de recoñecemento de estudos para a obtención dunha titulación oficial da Universidade de Vigo basearase na sinatura dun convenio específico por parte da Universidade de Vigo e un dos seus parceiros internacionais, no marco dos programas de mobilidade europeos, dos programas propios de mobilidade nos que participa, ou doutros programas de mobilidade que no seu caso se puideran concretar. No convenio defíniranse as condicións para o recoñecemento recíproco dos créditos conducentes á obtención das titulacións involucradas.

O convenio específico de recoñecemento incluírá, entre outras, a relación de materias impartidas na Universidade de Vigo que o estudantado da universidade parceira poderá cursar para a obtención da titulación oficial da Universidade de Vigo contemplada no programa.

O estudantado estranxeiro participante nestes programas deberá superar un mínimo de 60 ECTS para os estudos de grao, e un mínimo de 30 ECTS para os estudos de máster, así como os créditos correspondentes aos traballos de fin de grao (TFG) ou de máster (TFM).

Visto o anterior, o procedemento a seguir será:

- 1º.- Admisión por recoñecemento dos créditos cursados na universidade de orixe, e que non será necesario cursar na Universidade de Vigo.
- 2º.- O recoñecemento de créditos será o acordado polo centro para cada estudante, e emitirase a resolución correspondente que se comunicará ao alumnado e á xefa ou ao xefe da unidade administrativa do centro para que os incorpore no expediente do

alumnado. Nestes recoñecementos teñen que constar as correspondencias entre as materias ou disciplinas da universidade estranxeira e a Universidade de Vigo, indicando "código das materias", "nome das materias", "número de ECTS (ou medida similar)" e "cualificación do recoñecemento". No expediente tamén deberá figurar a certificación académica da universidade de orixe.

3º.- Unha vez efectuados os puntos anteriores, procederase a realizar á matrícula nas materias que deben cursar no grao ou máster correspondente, como alumnado de continuación.

4º.- Este alumnado constará nas actas de cualificación como propio da Universidade de Vigo, e non en actas de intercambio.

5º.- Este alumnado deberá aboar en concepto de matrícula os prezos públicos das tarifas administrativas, do mesmo xeito que o estudiantado de programas de intercambio por mobilidade. Para que non se xeneren os prezos públicos por servizos académicos, habilitarase na aplicación informática unha exención específica para este tipo de estudos.

6º.- As actas de cualificación do TFG e do TFM deberán xerarse do mesmo xeito que para o alumnado propio da Universidade de Vigo. (*individualizada para grao e conxunta para máster*)

7º.- Para a tramitación do título de grao, comprobarase que o alumnado da universidade estranxeira ten superados 240 créditos entre as materias cursadas, incluíndo o TFG, e as materias recoñecidas. Este alumnado deberá solicitar o título como calquera outra ou outro estudante da Universidade de Vigo, aboar os prezos públicos correspondentes, e a tramitación á Sección de Títulos e Plans de Estudo será igual que a do alumnado propio.

8º.- Para a tramitación do título de máster, comprobarase que o alumnado da universidade estranxeira ten superados os créditos correspondente ao máster (60, 90 ou 120) entre as materias cursadas, incluíndo o TFM, e as materias recoñecidas. Este alumnado deberá solicitar o título como calquera outra ou outro estudante da Universidade de Vigo, aboar os prezos públicos correspondentes, e a tramitación á Sección de Títulos e Plans de Estudo será igual que a do alumnado propio.

Vigo, 18 de xuño de 2015

A XEFA DO SERVIZO DE ALUMNADO



María Cristina Rodríguez Cendón

